

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 26/02/2024**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26/02/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de febreiro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/0467**

Dáse conta do escrito presentado por Alojamientos Vilagarcía, solicitando autorización para estacionar vehículos particulares en carga e descarga na rúa Vista Alegre, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicar que ao tratarse de vehículos particulares terán que rexirse polo establecido na ordenanza municipal, e dicir poder facer uso das cargas e descargas de carácter xeral(sendo libre o estacionamento fóra do horario xenérico ou do establecido polo sinal correspondente) e dentro do horario de afectación, sempre e cando o conductor/a do vehículo se mantéña no interior do mesmo, con un máximo de tempo de dez minutos.

**PRP2024/0541**

Dáse conta do escrito presentado por ADIF, DIRECCIÓN GENERAL CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO, en relación á inspección da sinalización de 4 pasos a nivel.

Dáse conta do seguinte informe da Policía Local resultado da inspección ocular sobre a sinalización en 4 pasos a nivel no Concello de Vilagarcía:

1- Paso en P.K. 51/170, paso peatonal de Veiga de Lamas, sinais de STOP, R2 en ambos sentidos, colocadas, visibles e en perfecto estado de conservación, Se estima que pode ser utilizado por unhas 12 ou 15 persoas diariamente.

2.- Paso no P.K. 52/320, paso vehículos A2 de Camiño de Ballates-Salgueiral, sinais de STOP, R2 en ambos sentidos, visibles e en perfecto estado de conservación, camiño pouco transitado.

3.- Paso no P.K. 54/338, paso vehículos A2 de Camiño de Preguntoiro - A Pedra, sinais de STOP, R2 en ambos sentidos, visibles e en perfecto estado de conservación. Posiblemente utilizado por

unas 5 ou 6 persoas.

4.- Paso no P.K. 55/182, paso para vehículos A2 de Camiño de Agrodanan-Bamio, non se localiza, posiblemente esta paso foi anulado despois do 01/01/2023, xa que logo de recorrer un bo tramo de vía donde suspostamente tería que estar, non está, polo que se supón que foi anulado, xa que o camiño que conducía a él está practicamente intransitable e casi no se pode pasar nen a pé.

#### **PRP2024/0546**

Dáse conta do escrito presentado por Don José Manuel Vilanova González, de queixas pola perda de estacionamentos para motocicletas pola colocación dos novos colectores de lixo.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colocación de 2 ou 3 arcos en "U", á altura da Avda Agustín Romero nº2 e ata o paso de peóns, para estacionamento exclusivo de motocicletas.

#### **PRP2024/0553**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Rita Cores Osorio e/n Asociación de Veciños Agustín Romero en relación á seguridade viaria na zona, e manifestando a súa disconformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local en data 08 de xaneiro de 2024. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se contemplará medidas de calmado de tráfico nas rúas A Veiga, Moscallo, Igrexa e Revelle.

Dar conta do presente acordo ao Enxeñeiro Municipal.

#### **PRP2024/0630**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario en redes sociais, para a difusión do ciclo de música independente "Achégate ao Salón" por un importe total de 605,00€ (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado por Pablo Jueguen García, con cargo á partida 926.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0631**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario institucional para eventos deportivos, coa creación de 5 lonas publicitarias coa lenda "Sempre co deporte de base", a instalar obrigatoriamente polos organizadores dos eventos en cada un dos campos de fútbol, pavillóns, ou pistas de atletismo, por un importe total de 1.451,40€ (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado por Oficode, S.L. con cargo á partida 926.22613.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0632**

Dáse conta da acta de eliminación documental, asinada polo Xefe accidental da Policía Local e o encargado do Arquivo Municipal, e do certificado de destrución documental, presentado pola empresa INTEGRALDATA SECURITY, S.A. en relación ao proceso de eliminación da fracción de

serie referida aos expedientes de multas en materia de tráfico da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, despois do ditame favorable do Consello de Avaliación Documental da Xunta de Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/0633**

Vista a proposta do Arquivo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa FM Material D'Arxiu SL (B61766317) para o subministro de 300 caixas de arquivo definitivo destinadas aos diferentes Departamentos do Concello, por un importe total de 968,31 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/0634**

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2024, en relación coa Taxación de Costas do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, dictada en Procedemento Abreviado 19/2023, a instancia de Carlos CAeiro Patiño e a cuxo pago resultou condenado o Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 400,00 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acordou o Recoñecemento de Obriga a favor de Dona María Milagros Abal Hermida, polo citado importe de 400,00 €, con cargo á aplicación de gastos 920.22604.

Acórdase deixar sen efecto o mesmo e acordar o recoñecemento de obriga a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3, polo importe indicado de 400,00 €, con cargo á partida 920.22604 en concepto de taxación de costas do procedemento abreviado 19/2023.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/0639**

.Dáse conta da proposta da Concellería de Medio Ambiente, para aprobar a solicitude de subvención para execución de obras, co fin de minimizar as perdas de auga en Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Ao abeiro da resolución de 29 de decembro publicada no DOG do día 29 de xaneiro de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, establecemento que poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención, destinada á execución das obras incluídas no Plan de actuación co fin de minimizar as perdas da auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se convocan para o ano 2024 (AU301E).

-Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención así como a data límite de 22 de Outubro de 2024 para presentación da documentación xustificativa.

-Aprobar a solicitude de subvención para a execución das obras consistentes en substitución de 140 m de tramo de rede de fibrocemento DN175 por PVC200 en Avda Juan Carlos I dende a Praza da Constitución ata a rúa Sta. Lucía, aproveitando para renovar as acometidas existentes e

conectalas a unha tubería DN75, co fin de minimizar as perdas da auga por unha cantidade de 46.295,22 euros (con IVE Incluído) dos cales 37.036,18 € ( IVE incluído) estarán subvencionados e a diferenza de 9.259,04€ ( IVE incluído) será financiado polo concello. Recordase que o IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

Ademáis acórdase declarar que o Concelo está en disposición de executar as obras e/ou instalacións de equipos e de obter as autorizacións e permisos necesarios.

## **TURISMO**

### **PRP2024/0661**

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto.

Preténdese promover a gastronomía cos produtos que máis definen este territorio, dende Vilaxoán ata Carril, o mexillón, a sardiña, a ameixa e o berberecho, e engadir algún elemento decorativo á ruta, que é parte da Variante Espiritual do Salnés e obtivo o recoñecemento de Sendeiro Azul.

Na 1ª pranta da praza de abastos haberá 12 obradoiros de COCIÑA DA RÍA, os días 13 e 20 de xuño; 4 e 11 de xullo; 1, 8 e 22 de agosto, 5, 12 e 19 de setembro e 3 de outubro, dirixidos ao público en xeral, e impartidos por Xoanqui Ameixeiras ou outra profesional similar e no que fará fincapé, ademais de nas artes culinarias, na promoción do produto local.

No mesmo lugar tamén se realizarán 5 obradoiros titulados HOXE COCIÑAS CUN CHEF DA VILA.

Os días 9 e 10 de setembro, nese mesmo local, cociñeiros de recoñecida traxectoria, impartirán, para os hostaleiros de Vilagarcía, un Taller de Cociña de Produtos da Ría. E baseándose nese aprendizaxe, e en colaboración con Zona Aberta-Athituvi, e logo de varios anos sen facerse, se celebrará a Ruta das Tapas polos locais de Vilagarcía.

Na Praza de Abastos de Vilaxoán, o 28 de setembro realizarase un showcooking dirixido ao público en xeral, baseado nos produtos que máis representan a esta vila: a sardiña e o mexillón.

De igual xeito, na Lonxa de Carril, o 5 de outubro, haberá outro relativo á ameixa e o berberecho.

Neses días, e para motivar ou facilitar a asistencia dos adultos a esas mostras, haberá animación nas rúas e actividades de artesanía.

Haberá tamén a un embelecemento da ruta, que agora é Sendeiro Azul, coas seguintes intervencións. No entorno do Rial, colocarase unha sinal en aceiro cortén que indicará a dirección e distancia a Santiago, seguindo a Variante Espiritual do Salnés. E no parque do Preguntoiro, instalaranse 3 estatuas, tamén de aceiro cortén: unha dun mexillón, outra duha sardiña e outra dun pescador.

Tamén se encomendará a un profesional a divulgación e promoción deste proxecto nas súas distintas seccións ou apartados e unha campaña en medios dixitais.

O importe estimado destas intervencións é o seguinte, de acordo aos presupostos obtidos:

ACTIVIDADE	IMPORTE engadido)	(IVE
12 obradoiros de COCIÑA DA RÍA 5 obradoiros HOXE COCIÑAMOS CUN CHEF DA VILA Impresión de libro coas 17 receitas Xestión e comunicación do proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL Campaña de publicidade en medios dixitais	16.897,65	
Showcooking en Vilaxoan, o 28 de setembro e en Carril, o 5 de outubro Obradoiro de cociña os días 9 e 10 de setembro, dirixido á hostelería	14.306,00	
Animación nas rúas. En Vilaxoán, o 28 de setembro e en Carril, o 5 de outubro	3.960,00	
Taller de manualidades e artesanía sobre o marisqueo, en Carril o 5 de outubro	1.450,00	
Sinal e 3 esculturas en aceiro cortén	4.755,30	
TOTAL	41.368,95	

Segundo o sinalado no artigo 11.1.C da Orde do 28 de decembro de 2023, “a porcentaxe de axuda para os proxectos poderá ascender ao 100 % dos custos dos gastos subvencionables do proxecto cando a operación responda aos seguintes criterios: interese colectivo e beneficiario colectivo”.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 decembro de 2023, para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL, que ascende a 41.368,95 €, e por o importe do 100% por tratarse dunha iniciativa de interese colectivo e beneficiario colectivo.

## MULLER E PERSOAS MAIORES

### PRP2024/0611

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM ten previsto levar a cabo, como cada ano, a Marathón Fotográfica pola Igualdade. A actividade ten una duración de 9 horas (de 10:30h e ata as 19:30h) e os/as participantes reciben un pequeno aprovisionamento pola mañana ao comezo da actividade e ao medio día.

Por outra banda, dentro das actividades que no presente ano imos desenvolver para a conmemoración desta data levarase a cabo a representación da obra Feminissimas da compañía De Ste Xeito.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización das citadas actividades, coa seguinte desagregación:

- GOAHEAD RESTAURACION 2020 SL B94198934 350,00 (IVE incluído), para o servizo de catering da maratón, con cargo á partida 2312.22601.
- Stephanie Maybelie Llaryora X1889405R 2900,00? (IVE incluído), pola representación da obra Feminissimas, con cargo á partida 2312.22610.
- Cristina Durán (deseño cartelería) 35476266P 193,60 (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22610.
- Baños Print B36252872 287,38 (IVE incluído), pola impresión de cartelería e folletos, con cargo á partida 2312.22610.

## CULTURA

### PRP2024/0624

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 15 de xaneiro de 2024, acordou aprobar as bases para a celebración do Festival de Comparsas.

Este Festival de Comparsas non ten carácter competitivo, polo que cada unha das Comparsas participante, percibirán unha compensación económica de 300,00€, con cargo 334.48100

O número de Comparsas que inscritas e participaron no Festival de Comparsas o día 11 de febreiro de 2024 foi de 3, polo que a cantidade de compensación económica ascende a 900,00€, resultando un sobrante de 2.100,00€.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º: Recoñecemento de Obriga a favor dos participantes no Festival de Comparsas 2024 segundo a seguinte taboa:

NOME	NIN/CIF	CONCEPTO	IMPORTE
JOSÉ ANTONIO OTERO GONZÁLEZ	76934283L	Comparsa Jana de Leria	300,00€
Mª ROSARIO COUSO RODRÍGUEZ	35451202Z	Comparsa O Xoubal	300,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL MARAJOTA E MEDIA	G94130317	Comparsa Marajota e Media	300,00€

2º: O reintegro á partida correspondente a cantidade resultante do sobrante do gasto aprobado (3.000,00€) menos o gasto de compensación económica os 3 participantes (900,00€), que ascende a 2.100,00€

### PRP2024/0627

O Concurso-Exposición Internacional da Camelia naceu na cidade de Pontevedra, nos salóns da Deputación Provincial de Pontevedra en 1965. Este contribuíu a popularizar o cultivo desta flor e, en consecuencia, a súa comercialización e difusión en todo o mundo da camelia. Grazas ao éxito da primeira edición, o concurso adquiriu carácter anual.

Ao longo da súa historia, e tras máis de cincuenta e oito edicións, este concurso segue sendo un punto de referencia para persoas cultivadoras e afeccionadas que acoden todos os anos a participar ou unicamente a observar as últimas novidades cultivadas nas terras galegas.

Co fin de promover e difundir o evento en toda a provincia de Pontevedra, ao longo da súa historia a organización do concurso rotou entre diversas administracións locais; e en 2024 esta correspóndelle a súa organización ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

O LIX Concurso-Exposición Internacional da Camelia terá lugar o 2 e o 3 de marzo na Praza da Peixería de Vilagarcía de Arousa datas nas que o cultivo da camelia atópase no seu momento álxido e óptimo para presentarse nun certame desta categoría.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento previsto para a organización e produción da edición LIX DO CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, que ascende a 14.866,25€, coa seguinte desagregación:

	ACTIVIDADES	PROVEDOR	DIRECCIÓN FISCAL	NIF	TOTAL	PARTIDA
1	EXPOSICIÓN Itinerante	Grupo Norte MCA S.L.	C/ Fray Juan de Navarrete nº 3, 1º 36001 Pontevedra (PONTEVEDRA)	B36220135	2.904,00 €	334.22609
2	Tableros decoración Peixería	Maderas J. Redondo S.L.	Polígono Industrial de Bamio S/N 36600 Vilagarcía de Arousa	B36158897	737,45 €	334.22199
3	Material Decoración	Castromán S.L.	Rúa Manuel Antonio 15 36600 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B36406650	25,99 €	334.22199
4	Tepe COMPACT	Troquiña S.L.	Camiño de Abaixo 21, Trabanca Badiña 36613 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B36268217	1.169,97 €	171.22199
5	ESCULTURAS PREMIADOS	Fundiciones REY S.L.	Polígono Industrial de Rubiáns 36619 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B36568061	5.111,04 €	334.22699
6	Visitas Guiadas Rubianes	Pazo de Rubianes S.L.	Rúa d ePazo 7-Rubianes 36619 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B94162617	949,85 €	334.22609
7	Servizo bus	Empresa PEREIRA S.L.	Rúa Patiño 19, Pol. Ind. Trabanca 36600 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B36030997	280,00 €	334.22609
8	Xantar INSCRITOS (70)	Churrasco de Rubianes S.L.	Avda de Pontevedra 77-Rubianes 36619 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	B36162469	1.925,00 €	334.22609

9	Xantar Xurado (9)	José A. Paz del Río	Rúa da Baldosa 10 36600 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	35439495Z	405,01 €	334.22609
10	Cerimonia do Té	Laura Rodríguez Rey	Cobián 2 36600 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)	35463431F	220,00 €	334.22609
11	Limpeza extraordinaria	CLECE S.A.	Plaza de América, nº 1 Torre 1 1ª planta 36211 Vigo (PONTEVEDRA)	A80364243	137,94 €	334.22700
12	Imprevistos	varios			1.000,00 €	334.22609

## PRP2024/0628

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos - Plan Concellos 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra para a realización de actividades durante o Nadal.

As actividades programadas durante o Nadal 2023 e que son financiadas con cargo ao PLAN CONCELLOS 2023, son as que a continuación se detalla:

- PRENDIDO DE LUCES
- CIRCO MÁXICO DE NADAL
- FEXTURRÓN

Fáise constar:

PRIMEIRO: Que se realizaron as actividades de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

SEGUNDO: O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

ACTIVIDADE	NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	Nº FACTURA	DATA PAGO
PRENDIDO LUCES	CRISTINA DURÁN RECUNA	35476266P	Organización e produción Prendido de Luces	4.501,20€	1923	24-01-2024
PRENDIDO LUCES	TROULA ANIMACIÓN S.L.	B36940690	Pasarrúas a Luz do Camiño e concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona	6.231,50€	2023 93	24-01-2024
PRENDIDO LUCES	GLOBAL SETUUP S.L.	B94119104	Luces e son concerto Uxía Lambona e a Banda Molona	3.501,47€	23 440	24-01-2024
CIRCO MÁXICO DE NADAL	LA FIESTA ESCÉNICA S.L.U.	B36963577	Representación espectáculo CIRCO MÁXICO DE NADAL, o día 16 de decembro no Salón de Actos do Auditorio	14.520,00€	2023 28	19-01-2024
FEXTURRÓN	CAMARERO y CUBO S.L.	B94147774	Pre-produción do evento Fexturrón (período do 2 ao 19 decembro)	9.075,00€	35	24-01-2024

TERCEIRO: o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes: Non se concedeu ningunha outra axuda.

CUARTO: O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

QUINTO: Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da cartelería adxunta, que se achega como medio de acreditación gráfica.

Achégase memoria e dossier explicativo do proxecto executado.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/0608

Vista a proposta da Secretaría, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalacions de Oficina SL (B36365369), para o subministro dunha cadeira TRIM TEX con brazos axustables en altura e ancho. Respaldo con marco en poliamida e fibra de vidro, acabado negro, con tela foamizada grupo T64 cor gris, etc., por un importe total de 429,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2024/0610

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de xuño de 2023, adxudicouse o contrato denominado “Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón polideportivo de Fontecarmoa” á mercantil OBRAS GALLAECIA S.L. por importe de 1.657.509,30 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 348.076,95€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 2.005.586,25€, que se cofinancia con cargo con cargo a fondos FEDER a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA (DUSI GA18), dentro da liña de actuación denominada: VLG\_A13\_ENERGPUB: Incremento do emprego de enerxías renovables nos edificios públicos municipais; operación: FCL01GA1808: Promoción da eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas; así como pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-) e pola Secretaría Xeral para ou Deporte da Xunta de Galicia, mediante convenio de colaboración.

O contrato administrativo foi asinado con data 17 de xullo de 2023, cun prazo de execución de 7 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de replanteo, do 3 de agosto de 2023.

Con data 19 de febreiro de 2024 (registro WEB2024001127), don Francisco Gómez Portela, en representación da empresa adxudicataria OBRAS GALLAECIA S.L., solicita ampliación de prazo de execución por 3 meses, que fundamenta, de maneira literal, no seguinte:

“ - Aparición, durante as escavacións baixo a pista de xogos, de macizos de pedra granítica de gran dureza (que se fixo necesario picar e demoler) para permitir a incorporación da nova solución de soleira illada e ventilada.

- Necesidade de reforzo do forxado existente (no que se detectou unha deformación excesiva) mediante perfís metálicos, para o correcto apoio das grandes máquinas de aire acondicionado na cuberta.

- A demora na resposta para a obtención do permiso de desamiantado polo ISSGA atrasou o inicio dos traballos de demolición e desmonte de cubertas obrigando á súa execución durante os meses de novembro e decembro.

- Inclemencias por auga, vento e temporais durante os meses de novembro e decembro atrasaron a finalización da cuberta impedindo o avance das obras no interior do pavillón debido ás constantes filtracións de auga.”

Con data 20 de febreiro de 2024 o arquitecto don Iago Fernández Puentes, director de obra e o arquitecto técnico don José Manuel Millán Armas, coordinador de seguridade e saúde, emiten



informe, favorable para a ampliación do prazo de execución solicitado de tres (3) meses para a correcta finalización dos traballos.”

O prazo de execución atópase fixado no contrato en 7 meses, a contar desde a data de firma da acta de comprobación de replanteo, polo que finalizaría o 3 de marzo de 2024.

A obra atópase cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-), tendo como prazo final de execución o 31 de decembro 2024 e de xustificación o 31 de marzo de 2025; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento dos prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable da dirección de obra, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 3 de xuño de 2024.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2024/0635**

Visto o expediente de gasto INT/2024/42 integrado pola relación de xustificantes F/2024/6 por importe de 119.743,32 €.

Visto o Informe de fiscalización dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado polo Tribunal de Contas en sesión de 22 de decembro de 2020.

Considerando que algunha das facturas engadidas nesta relación corresponden gastos que o Tribunal exceptúa da tramitación mediante Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por tratarse de Obrigas debidamente adquiridas xa que son contratos de subministro ou de servizos enviados fora de prazo polo provedor e que poden tramitarse como gasto corrente do exercicio 2024 e non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2024.

Vista a Base 21<sup>a</sup>.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2024, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21<sup>a</sup>.2 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2024, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
